

## PLANIFICACIÓN DUNHA SAÍDA PARA FACER ACTIVIDADES NA NATUREZA (Raffting, canoas, kayak, sendeirismo, orientación,...)

Criterios para a selección da mellor oferta:

- Económica (que poida acceder a maioría do alumnado)
- Só actividades que respecten a natureza (cars, painball, etc. excluídos)
- Poder asistir un grupo numeroso (entre 40 e 60 rapaces e rapazas de 4º ESO e 1º Bach)
- Saída do colexio non antes das 9:00 (para facilitarlllo ao alumnado que necesite coller o transporte escolar). Volver o mesmo día.

### Traballo de grupo:

1º) Cada membro do grupo debe buscar por internet diferentes opcións e facer unha selección de dúas ou tres actividades cos prezos e horarios incluídos.

Algunhas palabras clave:

- Raffting en Galicia
- Raffting río Ulla
- Raffting río Miño tarifa especial para grupos
- Actividades multiaventura en Galicia
- Kayac en Galicia
- Arrepións tarifa especial para grupos

2º) Poñelo en común co resto do grupo e seleccionar a mellor oferta.

- Se tendes a necesidade de chamar por teléfono (para conseguir ofertas para grupos numerosos de escolares é unha boa opción) podedes facelo dende o instituto no horario do recreo, sempre que pidades permiso e informedes á persoa responsable do motivo da vosa chamada.
- Cando chamedes as empresas de ocio presentádevos como alumnado de 1º Bacharelato que está a facer un traballo para E.F. onde tendes que propoñer un día de actividades na natureza para logo seleccionar a mellor opción e facer a viaxe. Importante decir o número aproximado de persoas (entre 40 e 60).

3º) Chamar ás diferentes empresas de transporte para seleccionar a oferta máis económica.

4º) Entregar a profesora un folio onde veña especificada a seguinte información:

- Nome e apelidos dos membros do grupo
- Datas da posible actividade (consultar antes coa profesora)
- Tipo de actividade
- Empresa que organiza
- Organización do día (hora de saída e de chegada, hora do xantar de picnic, etc.)
- Material que necesitan levar os participantes
- Prezo da actividade por persoa
- Prezo da empresa de autobuses